

NOTA DE PRENSA



ASUNTO: En Pleno Século XXI o goberno municipal de Caldas de Reis ten un lugar incomunicado polo seu absoluto pasotismo, xa que non fixo nada cando se lles advertiu que o viario se ia derrubar nin fixeron nada dende que caeu.

Dende o Partido Popular de Caldas de Reis, queremos expresar o noso mais profundo malestar pola nefasta xestión levada a cabo por o actual equipo de des-goberno de Caldas de Reis posto que en pleno ano 2020 permite ter incomunicadas 4 vivendas dende o pasado 23/12/2019, e dicir, dende fai mais dun mes, e a día de hoxe non se fixo nada, estamos a falar do derrubamento do viario público en pleno centro do lugar de Segade de Abaixo (parroquia de Santa Maria), de maneira que as catro vivendas situadas tras o zona de derrubo non poden acceder a estas con ningún tipo de vehículo e incluso para acceder a pé teñen que saltar unha cinta de sinalización, e temos que destacar que tivemos a enorme sorte de que non se produciron danos persoais, posto que tratase dunha zona moi concorrida xa que son os marxes do río Umia e unha ponte moi singular de pasales.

No ano 2018, dentro dun programa de axudas de Agader, o equipo de goberno municipal socialista decidiu incluír o asfaltado do viario que leva o lugar de Segade de Arriba, e xa nese momento advertimos, incluso por escrito, que no mesmo centro da aldea existía un muro de contención do viario a punto de derrubarse, posto que mostraba un estado ruinoso, e que non tiña sentido asfaltar o viario sen arranxar o valo que o sostíña, como é habitual neste goberno municipal non se fixo nin caso, nin se arranxou, nin se indicou que se puxeran os equipos técnicos do Concello a traballar na solución dese serio problema.

Hoxe a mañá estivemos no lugar e a situación e exactamente a mesma que fai mais dun mes, non se avanzou absolutamente en nada.

Por elo, e tendo en conta a enorme gravidade da situación imos presentar unha moción esixindo o equipo de goberno que repoña o viario, e con elo se poida acceder as vivendas, declarando as obras de urxencia.

Adxuntamos fotos:



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>




<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620